

FERNANDO VENÂNCIO

ESCRITOR E LINGÜISTA PORTUGUÉS, PROFESOR DA UNIVERSIDADE DE AMSTERDAM

«PORTUGAL HOXE DESCOÑECE O DINAMISMO CULTURAL GALEGO»

Define como «paixón recente dos últimos cinco anos» os contactos continuados con Galicia para coñecer a realidade cultural. Este verán regresou, entrevistou persoas, participou nun acto en Sargadelos, como nos anteriores estivo en congresos e outros acontecementos. Fernando Venâncio é ben coñecido polo traballo de escritor, crítico e investigador no seu Portugal natal, co que non perde relación directa a pesar dos moitos anos que leva de profesor da Universidade de Amsterdam, onde ensina as cadeiras de Lingua e Cultura Portuguesa e de Linguas Rexionais Europeas. Antes do final deste ano prevé publicar en Portugal un amplo traballo sobre a cultura galega.

—¿Que obxectivo ten ese traballo?

—Aproximar os contactos entre Portugal e Galicia. Fago isto porque acho que é importante para Portugal coñecer Galicia. Moitos portugueses teñen en principio un interese real; porén, de modo xeral non teñen mínima idea do que Galicia é, como tamén saben pouco do Estado español. Cando veñen aquí, Galicia é só España, non hai unha idea viva e nítida de que se está nun territorio con cultura propia e con historia que ten moito que ver coa nosa.

—¿A que atribúe ese descoñecemento?

—A que para nós Galicia é o noso negativo. Nós somos, nós existimos, porque nos separamos de Galicia. Un caso interesantísimo para que se entenda isto é un libro de historia de Portugal contada a unha crianza, do profesor Rómulo de Carvalho —que xa morreu, e que era a mesma persoa que o poeta Antonio Gedeão—: nese libro, editado pola Fundación Gulbenkian, que influíu en moitas xeracións de portugueses, até preto da metade non aparece Galicia. Só cando Portugal se torna independente é que se fala dunhas incursións dun rei portugués en Galicia. É todo. Galicia, pois, existe como un sitio en que un rei de Portugal despois da independencia fixo unhas incursións.

—Iso foi hai moitos anos: hoxe mudaría a situación, ¿non?

—Non, non mudou moito. Podo dar outros exemplos. Nun libro recente, voluminoso, sobre as relacións de Portugal con España durante o século XX, hai centenas de autores citados e nin un só galego. Neste libro, onde se esperaba que houbera alusións, a Castela por exemplo, non hai nada, entre varias centenas de autores citados. Galicia non existe, e non só na cabeza dun



XAIME F. RAMALLAL

Venâncio veu coñecer a realidade cultural galega do século XXI

«Galicia é o noso negativo. Nós [os portugueses] somos, nós existimos, porque nos separamos de Galicia»

portugués medio, tampouco na maior normalidade da cultura portuguesa.

—¿E que remedio ve para ese descoñecemento?

—Contra este pano de fondo é necesario actuar e penso que este traballo que estou a facer vai sorprenden os portugueses. A xente non pode comezar por dicir que nos esquecemos de Galicia e nos culpar pola nosa ignorancia. Esa non é a mellor maneira. O que eu fago é tentar sorprenden ao público portugués difundindo unha realidade de Galicia que está moi lonxe de imaxinar.

—¿Como ve, pois, a nosa realidade cultural?

—Vexo unha Galicia moderna, que fai música do noso tempo en galego, que fai teatro do noso tempo en galego, e radio, banda

«No portugués hai termos e fraseoloxía copiados do castelán. E hoxe Saramago continúa esa tendencia»

deseñada de interese internacional, blogs en lugares tan atractivos como o Portal Galego da Lingua ou Vieiros. Portugal hoxe descoñece o dinamismo cultural galego, e eses son algúns exemplos do mesmo. Quero conseguir que os portugueses descubran que teñen unha sociedade tremendamente dinámica no norte do país, e falar da facilidade de comunicación, da importancia da lingua.

—¿A mesma lingua, ou non?

—Como lingüista pode afirmar que portugués e galego son a mesma lingua. Non obstante, sei que do punto de vista social iso é unha provocación e por tanto non a fago, porque tamén sei que se pode con toda a mesma xustificación ver o galego e o portugués como dúas linguas; e non porque o galego se afastase ou porque

nós nos afastásemos: o caso foi que nos afastamos os uns dos outros. Por tanto non é o galego máis auténtico, nin o portugués. Despois da separación política, a nosa lingua entrou en procesos diverxentes perfectamente comprensíbeis. O galego e o portugués experimentaron durante séculos unha avalancha de influencia castelá. O castelán influenciou o galego dunha maneira e o portugués doutra. E esa influencia acentuou as diverxencias. Durante séculos os portugueses absorbemos o castelán como unha esponxa.

—Un traballo recente seu afirma que Saramago fai ese labor na literatura máis recente...

—No portugués hai termos e fraseoloxía copiados do castelán. E hoxe Saramago continúa esa tendencia, certamente. Esa influencia hoxe hai que a considerar como un patrimonio. Tamén é verdade que a abertura da lingua da Galicia ao contacto co portugués lle abre un mundo de 200 millóns de falantes, iso é benéfico para o galego. Podo acreditar, con Castela, que un día o portugués e o galego se confundan; porén, como lingüista non fago a mínima idea de que proceso poda levar a iso, e é unha afirmación gratuíta que non podo tomar a serio.

—¿Como ve a saúde do galego nas viaxes destes anos?

—Felizmente, hai xente que utiliza un galego auténtico, e ten máis capacidade de absorber o portugués de o que o castelán. Só nos últimos anos é que realmente comezo a comprender o que pasa na realidade. Sobre iso antes non tiña mínima idea, e un portugués medio tampouco a ten, mesmo portugueses de elite non teñen.

—¿Fala de Galicia na cadeira de Linguas Rexionais Europeas na Universidade de Amsterdam?

—Esa cadeira é para alumnado de estudos europeos. E aí falo bastante do caso galego: do punto de vista estritamente xurídico o galego é unha lingua rexional europea; e o catalán e o vasco son linguas internacionais, faladas en máis dun Estado. Porén, o galego ten un aspecto case único dentro das linguas rexionais europeas, que non teñen o catalán ou o vasco: a posibilidade de aproximación ao portugués. Así, o galego pode ser visto só como lingua rexional, como unha das linguas españolas, como di a Constitución; ou como unha forma da lingua que é coñecida como portugués, e nesta perspectiva é lingua internacional. Esa ambivalencia do galego é moi interesante e moi esclarecedora de toda a problemática das linguas rexionais europeas.